LIGA GALEGA DE PROMOCIÓN

Normativa de competición

MODALIDADE DE KATA

IMPORTANTE: Na competición da Liga Galega de Promoción, os competidores sairán en grupos de dous a realizar o seu kata, seguindo a orde que indica o listado de competición de cada volta de puntuación. Este sistema de kata dúo ten como obxectivo garantir que todos os competidores realicen un mínimo de dous katas e que ao mesmo tempo a duración da competición sexa viable desde o punto de vista organizativo.

PROCEDEMENTO: Como indicamos, todos os deportistas realizarán dúas voltas de clasificación por puntos. Á esquerda da mesa de anotación situarase o deportista que figure en primeiro lugar no listado de competición, á dereita da mesa de anotación situarase o outro deportista (nas pezas de tapiz de color vermello). Os deportistas saudarán e anunciarán o kata, iniciarán o seu exercicio tras o asubío do árbitro. Tras a finalización dos exercicios presentados, os árbitros puntuarán a cada un dos competidores, orientando as paletas de puntuación cara o deportista que se puntúe en cada momento. **Cada deportista recibirá tres notas, ningunha será eliminada**. A orde de saída dos competidores na segunda volta, será en orden inverso á puntuación obtida na primeira volta.

- Categorías cun único grupo: naquelas categorías cun único grupo, o podium virá determinado pola suma total de puntos obtidos tras as dúas voltas.
- Categorías con dous grupos: naquelas categorías divididas en dous grupos, os deportistas mellor clasificados de cada grupo tras a realización das dúas voltas, disputarán a final, que se arbitrará por bandeiras.
- Categorías con catro grupos: naquelas categorías divididas en catro grupos, os deportistas mellor clasificados de cada grupo tras a realización das dúas voltas, disputarán as semifinais e a final, que se arbitrarán por bandeiras.

En caso de empate tras a primeira volta de clasificación, observaranse os seguintes criterios de desempate (analizados nesta orde e sen posibilidade de volver atrás unha vez observado cada un dos criterios de desempate)

1. Mínima máis alta.
2. Máxima máis alta.
3. De persistir o empate, o programa de competición asignará unha orde aleatoria.

En caso de empate tras as dúas voltas de clasificación, observaranse os seguintes criterios de desempate (analizados nesta orde e sen posibilidade de volver atrás unha vez observado cada un dos criterios de desempate)

1. Sumatorio das mínimas.
2. Sumatorio das máximas
3. De persistir o empate, o programa de competición asignará unha orde aleatoria.

Os katas a realizar serán os recollidos na lista oficial de katas infantil/xuvenil. Ao tratarse dun campionato de promoción o regulamento contempla as seguintes modificacións:

PRE-BENXAMÍN	- Realizarán kata básico. - Poderán repetir kata.
BENXAMÍN	- Realizarán kata básico. - Deberán alternar kata.
ALEVÍN	- Realizarán kata básico. - Deberán alternar kata.
INFANTIL	- Realizarán kata básico. - Deberán alternar kata.
XUVENIL	- Realizarán katas da lista oficial infantil e xuvenil. - Deberán alternar kata. - No caso de haber final poderase realizar un kata da lista oficial segundo as normas do Regulamento de Competición de Kata da WKF/RFEK para as categorías superiores.
PARA TODAS AS CATEGORÍAS	Ao tratarse dun campionato de promoción, permitirase que os deportistas que debido ao seu pouco tempo de práctica, só coñezan **Taikiokus ou Pinan/Heian Shodan**, poidan repetilo nas dúas voltas de clasificación. Tamén se poderá repetir en aquelas categorías que disputen semifinais e final.

MODALIDADE DE KUMITE

A competición desenvolverase mediante un sistema de pool única, dobre pool+final, ou eliminatoria directa con repesca en función do número de deportistas participantes por categoría. Nas categorías con 2 pool celebraranse posteriormente os encontros de semifinais (1º pool 1 – 2º pool 2/1º pool 2 – 2º pool 1) e a final. Baixo o formato de pool única ou dobre pool, todos os encontros finalizarán cun vencedor.

Criterios para a clasificación no formato de pool única ou dobre pool:

1. Vitorias.
2. Maior número de puntos marcados a favor.
3. Menor número de puntos recibidos en contra.
4. Combate de desempate.

Ademais teranse en conta as seguintes situacións especiais nos combates de liga:

- **KIKEN:** Anúlanse todos os encontros dese competidor, excepto cando o abandono se produce no último encontro da liga. Nese caso, consérvanse os resultados dos anteriores encontros. No último encontro, concédese a victoria ao gañador e contabilízanse os puntos que indique o marcador antes do kiken.
- **HANSOKU:** Rexístrase a victoria para o competidor que corresponda, contabilizándose un resultado de 4-0 ao seu favor, excepto cando gañador sume unha cifra maior de puntos, nese caso contabilizarase a puntuación que teña obtido. O deportista descalificado non suma puntos.
- **SHIKKAKU:** Anúlanse todos os encontros do competidor que recibe o shikkaku.

IMPORTANTE: Os resultados parciais non serán contemplados en caso de empate a vitorias.

AS MÁSCARAS PERMITIDAS TANTO EN KATA COMO EN KUMITE SERÁN AS CIRÚRXICAS, FFP2 E KN95. NON ESTARÁ PERMITIDO COMPETIR CUN MODELO DIFERENTE AOS CITADOS ANTERIORMENTE.
TAL COMO ESTABLECE O PROTOCOLO FEDERATIVO POR EXPOSICIÓN AO NOVO CORONAVIRUS (SARS-COV-2), NON ESTARÁ PERMITIDO INTERCAMBIAR OS ELEMENTOS DE PROTECCIÓN EMPREGADOS NA MODALIDADE DE KUMITE, SENDO ESTOS DE USO PERSOAL E INTRANSFERIBLE.